

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 19.10.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 34693 (10/POC-005511)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as condicións de cesión e uso do antigo instituto de Viana do Bolo por parte dunha fundación privada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 1.2 36681 (10/POC-005838)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das políticas destinadas a facilitar o acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 1.3 37114 (10/POC-005890)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do protocolo de actuación asinado pola Xunta de Galicia e a Fegamp o 10 de outubro de 2017 para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia," así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da súa implantación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018
- 1.4 37288 (10/POC-005907)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos a Galicia, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017, a súa correspondencia co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e o paquete de medidas que vai implantar para acadar a revitalización demográfica do territorio galego, así como o resultado das postas en marcha para ese fin desde a entrada en vigor do citado plan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 363, do 27.09.2018
- 1.5 37421 (10/POC-005915)

Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o investimento estranxeiro en Galicia no período 1993-2017 e no primeiro semestre de 2018 en relación co conxunto do Estado, así como os resultados da entrada en vigor Lei de fomento empresarial no que atinxe á captación do investimento estranxeiro recibido por Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

Punto 2. Dación de conta

- 2.1 37687 (10/ESEX-000009)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Estado de execución do orzamento, correspondente ao segundo trimestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018
- 2.2 37209 (10/MOP-000025)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2018
Publicación, BOPG n.º 362, do 26.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 34693(10/POC-005511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as condicións de cesión e uso do antigo instituto de
Viana do Bolo por parte dunha fundación privada

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693
Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ás condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo.

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista alego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693

Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

beneficiaria dunha subvención vencellada ao programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou unha Proposición non de lei que foi sometida a debate e aprobación por unanimidade, con modificacións, na Comisión 3ª celebrada o 8 de setembro de 2017, co seguinte texto: «O Parlamento galego acorda instar a AGADER, seguindo o Plan de controis e disposicións do Feader en Galicia, a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo e mais ás partes afectadas unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos ao abeiro do expediente nº L12-413-11-063 para a creación do Centro de Tecnificación de Actividades Físico-Deportivas de Lecer e Formación instado pola Fundación Cipri Gomes, no que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos

subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta das instalación do Concello de Viana do Bolo.»

Porén, pasado un ano continuamos sen ter unha resolución ao respecto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento por parte de Agader do acordo emanado da Cámara galega?

- Por que medios e en que datas se tratou esta cuestión?

- Ten constancia a Xunta de Galiza de se a Fundación Cipri Gomes de Viana do Bolo cumpre coas funcións comprometidas para a obtención de recursos económicos a través da Agader e os fondos Leader?

- Coñece o goberno galego xustificación para a contía comprometida a través da resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013?

- Ten coñecemento o goberno galego das prácticas fraudulentas para subvencionar o deporte do kickboxing en Ourense no ano 2012 polas que foi condenado o señor Cipriano Augusto Gomes, presidente da Fundación Cipri Gomes? Ten avaliado se a xestión de fondos públicos do centro de Viana do Bolo cumpre coas garantías esixíbeis?

- Ten pensado o goberno galego levar a cabo algún tipo de inspección ou auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693

Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta?

Santiago de Compostela, 20 de agosto de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/08/2018 13:24:24

María Montserrat Prado Cores na data 20/08/2018 13:24:29

Ana Pontón Mondelo na data 20/08/2018 13:24:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/08/2018 13:24:32

Olalla Rodil Fernández na data 20/08/2018 13:24:34



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/08/2018 13:28
Nº Rexistro: 34693
Data envío: 20/08/2018 13:28:55.193

Xosé Luis Bará Torres na data 20/08/2018 13:24:35

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 36681(10/POC-005838)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das políticas destinadas a facilitar o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:43
Nº Rexistro: 36681
Data envío: 13/09/2018 13:43:44.092



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Na actualidade España, e Galicia en particular, está inmersa nunha nova burbulla do sector inmobiliario, mais esta vez non na construción de nova vivenda, senón no aluguer. O mercado inmobiliario, especialmente a partir do fenómeno da financiarización da economía, converteuse nun dos mercados mais rendibles e mais especulativos.

Sen embargo esta constante especulación sobre a vivenda está a provocar profundas consecuencias negativas para a maioría social; España converteuse no país da OCDE onde unha maior porcentaxe da renda vai destinada a pagar o gasto en vivenda. Concretamente, destínase mais do 35% da renda dos fogares ao pagamento da vivenda.

Aínda que existen diferenzas considerables entre Comunidades Autónomas, a porcentaxe de ingresos por fogar que se destina ao pagamento da vivenda en Galicia é do 24%, cifra similar ao que se destina en países de moita maior renda como o Reino Unido ou Canadá.

Aínda que Galicia non rexistra a maior porcentaxe, cando se analiza o incremento dos prezos da vivenda por provincia, existen provincias galegas que se sitúan nos postos mais altos de incremento de tales prezos por metro cadrado. Este sería o caso da provincia de A Coruña, onde o prezo do metro cadrado



dende o ano 2013 ata o ano 18 incrementouse nun 18%, situándose na oitava provincia con maior aumento.

Pero o problema agrávase cando temos en conta os salarios e o incremento dos mesmos. Como se puxo de manifesto non é só que en Galicia se destine unha maior porcentaxe dos ingresos familiares ao gasto en vivenda que en países nos que hai salarios moito mais elevado, senón que ademais, esta elevada porcentaxe dáse nunha etapa onde se produce o profundo estancamento e incluso redución, en termos reais, dos salarios. Hoxe, o salario medio en Galicia sitúase o redor dos 21.000 euros, soamente un 3,9% superior ao que existía no ano 2010. Mais se temos en conta a inflación, o incremento incluso sería negativo. Este feito pon de manifesto o grave problema que supón o incremento do prezo da vivenda para a cidadanía.

Ante o manifestado, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Que valoración fai a Xunta do incremento dos prezos da vivenda en relación aos salarios?
- Como valora a Xunta a porcentaxe de ingresos destinada polos fogares ao gasto en vivenda?
- Considera a Xunta que estes prezos da vivenda promoven a emancipación da xente máis moza?
- Como valora a Xunta que a cidadanía con menos recursos teña que facer fronte a esta elevada porcentaxe de gasto en vivenda?
- Cre a Xunta que son efectivas as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda?
- Cre a Xunta que son suficientes as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 13:43
Nº Rexistro: 36681
Data envío: 13/09/2018 13:43:44.092



- Considera a Xunta que as políticas promovidas dende o propio goberno de Galicia para facilitar o acceso a vivenda contan con recursos suficientes?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/09/2018 13:31:51

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/09/2018 13:31:59

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 37114(10/POC-005890)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do protocolo de actuación asinado pola Xunta de Galicia e a Fegamp o 10 de outubro de 2017 para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia, así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados da súa implantación

Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O 10 de outubro de 2017, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “*Concellos Doing Business Galicia*”.

O dito protocolo establece na súa exposición de motivos, no punto terceiro. “*Que concorren na sinatura deste protocolo razóns de interese público xa que a Xunta de Galicia considera necesario impulsar medidas que favorezan e fomenten a implantación de empresas no territorio galego. Con ese obxectivo, resulta determinante o establecemento de determinados incentivos para consolidar a decisión das empresas de implantación ou non en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal fin poñerase en funcionamento a iniciativa “Concellos Doing Bussiness Galicia”, e nas cláusulas, segunda e terceira, establece as medidas que deben adoptar os concellos galegos para poder participar na dita iniciativa e os compromisos que adoptará a Xunta de Galicia cara estes concellos, respectivamente.*

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os concellos que se adheriron a esta iniciativa?

2ª) Cantos e cales foron os concellos dos adheridos a esta iniciativa que tiveron unha discriminación positiva nas convocatorias de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento?

3ª) Cantos e cales son os concellos galegos que integraron o seu solo industrial no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2018 16:46
Nº Rexistro: 37114
Data envío: 19/09/2018 16:46:38.609



Grupo Parlamentario

4ª) Cantas empresas e emprendedores se teñen dirixido ao Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia, e cantas desas empresas ou emprendedores se teñen implantado nalgún dos concellos adheridos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5ª) En que fase se encontra a creación da marca territorial asociada á *Oficina Doing Business* establecida no punto 3 da cláusula terceira?

6ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia dos resultados acadados por esta iniciativa despois dun ano da súa implantación?

Pazo do Parlamento, 18 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/09/2018 16:43:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/09/2018 16:43:56

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/09/2018 16:44:04

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 37288(10/POC-005907)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos referidos a Galicia, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, en materia de natalidade e fecundidade para o ano 2017, a súa correspondencia co obxectivo noveno reflectido no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e o paquete de medidas que vai implantar para acadar a revitalización demográfica do territorio galego, así como o resultado das postas en marcha para ese fin desde a entrada en vigor do citado plan

Publicación da iniciativa, 363, 27.09.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é *“Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente, e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establecéronse dez obxectivos medibles para a súa consecución, sendo o obxectivo 9º Implantar un paquete de medidas para acadar revitalizar demograficamente o noso territorio, achegándonos a 1,59 fillos por muller.

A propia Xunta de Galicia no Plan anual normativo presentado para este ano 2018 contempla a aprobación dun “Proxecto de lei de impulso demográfico” por parte da Consellería de Política Social.

Os últimos indicadores publicados polo Instituto Nacional de Estatística sobre natalidade e fecundidade para o ano 2017, colocan a Galicia nun -3,4 % na taxa anual de número de nacementos respecto do ano anterior, cunha taxa bruta de mortalidade dun 11,8 % (un incremento do 0,6 % respecto do ano anterior), e cun saldo vexetativo de -13.522 persoas, o que representa o peor dato de todas as CCAA.

Se miramos o indicador conxuntural de fecundidade o resultado tamén sitúa Galicia nun dos peores resultados, sendo a terceira empezando pola cola, cun 1,12 o número medio de fillos por muller.

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 17:35
Nº Rexistro: 37288
Data envío: 20/09/2018 17:35:13.989



Grupo Parlamentario

1ª) Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

2ª) Considera o Goberno galego que estes datos se corresponden co obxectivo noveno expresado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª) Cal é o paquete de medidas que vai implantar o Goberno da Xunta de Galicia para acadar a revitalización demográfica do noso territorio?

4ª) Desde a aprobación do Plan estratéxico de Galicia ata hoxe, cal é o resultado acadado da implantación destas medidas?

5ª) Cando vai presentar o Goberno galego o Proxecto de lei de impulso demográfico por parte da Consellería de Política Social?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/09/2018 17:28:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2018 17:28:55

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 37421(10/POC-005915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o investimento estranxeiro en Galicia no período 1993-2017 e no primeiro semestre de 2018 en relación co conxunto do Estado, así como os resultados da entrada en vigor Lei de fomento empresarial no que atinxe á captación do investimento estranxeiro recibido por Galicia

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e **Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 3.ª**

A Xunta, abandeira a política da internacionalización das nosas empresas e a captación de investimento exterior, mais a realidade amósanos o fracaso desa política levada a cabo.

Se temos en conta o período para o cal a base de datos Datainvox proporciona información, poderase destacar que para os anos 1993-2017 Galicia recibiu o 0,71% do investimento bruto no Estado. Isto supón que Galicia foi o destino de 3.930 millóns de euros dun total recibido para o conxunto do Estado de 550.496 millóns de euros.

Estes datos adquiren unha dimensión moito mais negativa cando se comparan co investimento estranxeiro que recibiron outros territorios. Así a Comunidade de Madrid recibiu o 52,4%, mentres que o recibido por Cataluña representa o 14,6%. Pero ademais, destaca o feito de que o investimento bruto de Galicia no estranxeiro supera amplamente o investimento foráneo; o saldo para o conxunto do período indica que Galicia investiu no estranxeiro mais de 13.400 millóns de euros do recibido. Como media, a Comunidade Autónoma recibiu un investimento de 157 millóns de euros, mentres que o investimento medio no estranxeiro acadou os 694 millóns.

O problema parece que aínda se acentúa mais no primeiro semestre do ano 2018. Unha vez posta en marcha a Lei de Fomento Empresarial impulsada pola Xunta, Galicia ven de captar no primeiro semestre un total de 32,6 millóns de euros de investimento estranxeiro. Tendo en conta que o recibido polo conxunto da



economía española foi de 12.000 millóns de euros, o captado por Galicia soamente representa o 0,27 %. Cifra que representa un terzo do investimento estranxeiro recibido por Galicia no primeiro semestre do ano 2017, cando aínda non fora posta en marcha a Lei de Fomento empresarial.

Pero a estes datos tan negativos para Galicia haille que engadir o feito de que unha gran maioría de investimento estranxeiro chegado a Galicia non vai destinado a creación de novas empresas, senón que ten como principal obxectivo a compra de empresas. Por exemplo, no ano 2015 destaca a compra realizada polo grupo chinés, China Sonangol, dos estaleiros do grupo Rodman e no ano 2017, de novo un grupo chinés, merca por 61 millóns de euros a conserveira Albo.

Galicia, pois, non se posiciona como un territorio atractivo para o investimento estranxeiro senón que o que se está a producir é a venda de empresas de capital galego a fondos de investimento estranxeiros. Os datos indican que a partir do ano 2009, e en especial a partir da desaparición das Caixas de Aforro, os fondos de investimento estranxeiro controlan un volume de negocio en Galicia que superan os 3.000 millóns de euros.

Este feito pon de manifesto que o capital estranxeiro que chega a Galicia non ten porque supoñer a creación de novo emprego nin a creación de novas liñas de negocio, senón que ten como principal obxectivo mercar aquelas empresas, ou facerse co control das mesmas, que son claves para o tecido produtivo galego pero que non poden seguir desenvolvendo a súa actividade debido, principalmente, á falta de capital financeiro no propio territorio.

Finalmente, cómpre tamén sinalar que o impacto do investimento estranxeiro na economía galega é moito menor ca no conxunto do Estado. Deste xeito, como sinala o Foro Económico de Galicia, a cifra de negocio do investimento estranxeiro en Galicia supón o 12,8% do total do territorio fronte ao 28,7 no



conxunto das CCAA. As persoas ocupadas representan o 4,3% fronte ao 13,3% do conxunto do Estado.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno da Xunta sobre a evolución do investimento estranxeiro en Galicia?
2. Que valoración fai o Goberno da Xunta sobre a evolución do investimento estranxeiro en Galicia no primeiro semestre do ano 2018?
3. Cal é a opinión do Goberno da Xunta sobre o feito de que o investimento estranxeiro soamente represente en Galicia o 0,71% do total recibido polo conxunto do Estado para o período 1993-2017?
4. Cal é a opinión que lle merece á Xunta que o investimento estranxeiro no primeiro semestre do ano 2018 represente menos dun terzo do acadado para o mesmo período do ano 2017?
5. Como relaciona a Xunta estes datos do ano 2018 coa Lei de Fomento Empresarial?
6. Como valora a Xunta os resultados ofrecidos pola Lei de Fomento Empresarial en relación á captación de investimento estranxeiro recibido por Galicia?
7. Cal é a valoración do Goberno da Xunta con respecto a que o capital estranxeiro que chega a Galicia teña como único obxectivo mercar empresas?
8. Ante os datos, considera o Goberno da Xunta que as políticas de atracción de investimento estranxeiro foron axeitas?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 12:47
Nº Rexistro: 37421
Data envío: 24/09/2018 12:47:41.023

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 24/09/2018 12:34:07

Julia Torregrosa Sañudo na data 24/09/2018 12:34:22

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 37687(10/ESEX-000009)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Estado de execución do orzamento, correspondente ao segundo trimestre de 2018


Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia



37687

De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **segundo trimestre de 2018**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 19.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 37209(10/MOP-000025)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto
de 2018

Publicación, 362, 26.09.2018



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación en soporte informático respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de agosto de 2018.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Autor: pnc, GARCIA, SEÑORÍANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 18/09/2018 14:10:01

CVE: 2P7M4HJUEZ7
Validación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia